



# BOP

SÁBADO, 27 DE FEBREIRO DE 2021

N.º 047

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA. SERVIZO DE PATRIMONIO NATURAL

##### *Anuncio*

Ángeles Pérez Niño, con NIF \*\*\*\*\*981L, en representación da Sociedade de Cazadores Río Grande, titular do tecor Río Grande (LU-10039), solicita a ampliación deste tecor con 122,73 hectáreas de terreos de particulares nas parroquias de Santa Cruz da Retorta, Sirvián e Vilamaior de Negral, no termo municipal de Guntín.

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 22 de febreiro de 2021.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Margarita López Blanco.

R. 0481

### CONCELLOS

#### BECERREÁ

##### *Anuncio*

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 18/02/2021, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xaneiro do 2021 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 19/04/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de

17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 22 de febreiro de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0470

---

## FRIOL

### *Anuncio*

Polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 18 de febreiro de 2021, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 1/2021, (primeiro de competencia do Pleno), para transferencias de crédito, dentro do vixente orzamento municipal, e por un importe de corenta mil euros (40.000,00 €).

Modifícase o Anexo de inversións do vixente Orzamento.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 23 de febreiro de 2021.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0483

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA XANEIRO 2021 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 15.02.2021 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de xaneiro de 2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 22.02.2021 ata o 22.04.2021.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 16 de febreiro de 2021.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 0471

## OUROL

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do concello de Oourol, en sesión extraordinaria celebrada o día dezasete de febreiro de dous mil vinte e un, aprobou as “Bases reguladoras da convocatoria de axudas por nacemento de fillas e fillos no concello de Oourol”, que literalmente din o que segue:

#### **“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS POR NACEMENTO DE FILLAS E FILLOS NO CONCELLO DE OUROL**

##### **Artigo 1.- OBXECTO E FINALIDADE:**

*É obxecto destas bases regular as condicións e réxime xurídico para a concesión de subvencións para familias do Concello de Oourol polo nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a e ata que o neno ou nena cumpra os 3 anos.*

*A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico a aquelas familias nas que se produza o nacemento, adopción ou acollemento dun novo membro da unidade familiar, contribuíndo desta maneira ó incremento da poboación no noso concello.*

##### **Artigo 2.- NATUREZA DA AXUDA:**

*As subvencións que se outorguen conforme a esta ordenanza teñen a natureza de subvención directa conforme ó establecido no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*A contía da axuda por nacemento ou adopción de nena ou neno será de ata 600 € por cada un, e será compatible con calquera outra axuda que se perciba por este motivo procedente doutras administracións.*

##### **Artigo 3.- PERSOAS BENEFICIARIAS:**

*1.- As persoas beneficiarias serán conxuntamente os proxenitores ou adoptantes do fillo/filla, titulares do libro de familia, no que figure rexistrado o nacemento ou adopción. Se no libro de familia figurase un só proxenitor ou adoptante, será este o único beneficiario.*

*2.- Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, será persoa beneficiaria o proxenitor que teña a custodia do fillo ou filla.*

*3.- As persoas estranxeiras que cumpran os requisitos destas bases poderán ser beneficiarias sempre que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.*

*4.- En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados total ou parcialmente da patria potestade dos seus fillos/as, ou cuxa tutela fose asumida por unha institución pública.*

##### **Artigo 4.- REQUISITOS:**

*- Ser español ou estranxeiro con residencia legal en España.*

*- Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que polo menos un dos proxenitores figure empadroado no Concello de Oourol na data da solicitude, cunha antigüidade mínima de 9 meses.*

*- A nai ou o pai así coma os fillos/as polos que se solicita a axuda, deberán comprometerse a seguir empadroados no Concello, por un período mínimo de 1 ano despois de rematado o cobro das axudas.*

*- Que a nena ou neno conviva coa persoa ou persoas solicitantes.*

*- Que a nena ou neno nacido/a ou adoptado/a teña menos de 3 anos á data da solicitude.*

*- Estar ao corrente do pagamento das obrigas tributarias co Concello de Oourol.*

##### **Artigo 5.- CONTÍA DAS AXUDAS E IMPUTACIÓN DO GASTO:**

*Cada nacemento que teña lugar, ou cada adopción que se formalice cumprindo os requisitos sinalados nestas bases, será obxecto dunha axuda de ata 600€, segundo o seguinte:*

- Para os solicitantes con fillos/as menores de 1 ano á data da solicitude: 600 €*
- Para as solicitantes con fillos/as de entre 1 e 2 anos á data da solicitude: 480 €*
- Para os solicitantes con fillos/as de entre 2 e 3 anos á data da solicitude: 360 €*

*Non poderá percibirse máis dunha axuda por nacemento ou adopción. No caso de partos múltiples terase dereito a percibir un 100% adicional por cada fillo ou filla. No caso de adopción de máis de un menor, terase en conta a mesma porcentaxe de incremento.*

*A imputación do gasto realizarase con cargo á aplicación 231.480 do orzamento, a cuxa existencia se vinculará a aplicación destas bases, na medida en que debe estar previsto o crédito adecuado e suficiente para a súa efectividade.*

#### **Artigo 6.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:**

*A presentación da solicitude supón a aceptación incondicional das bases.*

*Será requisito para o pagamento efectivo da axuda que a/as persoa/as beneficiarias así coma os fillos ou fillas que dan dereito á axuda, se comprometan, mediante documento asinado para o efecto, a continuar empadroadas no municipio durante polo menos 1 ano despois de rematado o cobro das axudas, agás que exista unha causa xustificada, que será avaliada dende servizos sociais e pola Xunta de Goberno Local.*

*A/As persoa/as beneficiarias están obrigadas a comunicarlle ó Concello calquera circunstancia que modifique as condicións para a obtención da subvención e a reintegrar a contía concedida cando se incumpra o compromiso adquirido para a súa obtención.*

#### **Artigo 7.- REINTEGRO:**

*O incumprimento dos requisitos establecidos nestas bases comporta o reintegro da subvención.*

*O réxime xurídico do reintegro da subvención será o establecido no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e la Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

#### **Artigo 8.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN:**

*As solicitudes, dirixidas ó Alcalde, presentaranse nos servizos sociais municipais do Concello de Ourense e deberán formularse no impreso oficial, segundo o modelo que figura como anexo nestas bases. Tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou polos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*Xunto coa solicitude acompañarase a seguinte documentación:*

- *Fotocopia do DNI das persoas ou persoa solicitante ou tarxeta de residencia en vigor, segundo os casos.*
- *Fotocopia do Libro de familia ou documento acreditativo do nacemento ou adopción*
- *Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio presentarase fotocopia do convenio e/ou sentenza xudicial que atribúa a garda e custodia do menor que orixina a axuda.*
- *Comprobarase de oficio polo Concello o cumprimento do requisito de empadramento e convivencia das persoas beneficiarias, así como o cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Ourense*
- *Compromiso de permanecer empadroados no municipio durante polo menos 1 ano despois de rematado o cobro da axuda, polo menos dun dos proxenitores e do fillo ou filla que da dereito á axuda.*
- *Certificado da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.*

#### **Artigo 9.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

*O prazo de presentación das solicitudes estará aberto a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases no boletín oficial da provincia de Lugo e poderán presentar as solicitudes aquelas persoas que cumpran os requisitos establecidos no punto 4 das bases a partir do día seguinte ó nacemento do fillo/ a ou á resolución xudicial ou documento análogo constitutivo da adopción ou, neste último caso, da súa notificación ao solicitante e ata que o neno/a cumpra 3 anos de idade.*

#### **Artigo 10.- PROCEDIMENTO DE EXAME E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES.**

*Unha vez revisadas as solicitudes, se estas non estivesen debidamente cubertas ou non se presentase a documentación oportuna, requirirase á persoa interesada para que no prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, entenderase que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas.*

*Os expedientes serán avalidados por parte dos servizos sociais municipais, que comprobarán a concorrencia dos requisitos determinados nas bases para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención.*

*O persoal técnico do departamento de servizos sociais emitirá un informe no que conste que a documentación que obra no expediente se desprende que a persoa ou persoas beneficiarias propostas cumpren cos requisitos necesarios para acceder ás axudas e remitirase o expediente ó órgano competente para a súa resolución definitiva.*

**Artigo 11.- ADXUDICACIÓN DA AXUDA.**

*As solicitudes serán resoltas pola Xunta de Goberno Local*

*O prazo para resolver e notificar a resolución será de tres meses, contados dende o día seguinte á data de presentación da solicitude.*

*Contra a resolución poderán interpoñerse os recursos pertinentes segundo a lexislación vixente*

**Artigo 12.- ABONO DAS AXUDAS.**

*1.- O pago da axuda para os solicitantes con fillos/as menores de 1 ano á data da solicitude, efectuarase do seguinte xeito:*

- A) Un pagamento dun 60% da axuda concedida, mediante transferencia bancaria á conta que indicara a persoa beneficiaria na solicitude, dentro do mes seguinte á data de concesión da axuda.*
- B) O pagamento dun 20% da axuda concedida, cando se acredite a residencia efectiva de un ano dende a data de solicitude da axuda*
- C) O pagamento dun 20% da axuda concedida, cando se acredite a residencia efectiva de dous anos dende a data de solicitude da axuda*

*2.- O pago da axuda para os solicitantes con fillos/as de entre 1 e 2 anos á data da solicitude, efectuarase do seguinte xeito:*

- D) a) Un pagamento dun 60% da axuda concedida, mediante transferencia bancaria á conta que indicara a persoa beneficiaria na solicitude, dentro do mes seguinte á data de concesión da axuda.*
- E) b) O pagamento dun 40% da axuda concedida, cando se acredite a residencia efectiva de un ano dende a data de solicitude da axuda*

*3.- O pago da axuda para os solicitantes con fillos/as de entre 2 e 3 anos á data da solicitude, efectuarase do seguinte xeito:*

- F) Un pagamento único do 100% da axuda concedida, mediante transferencia bancaria á conta que indicara a persoa beneficiaria na solicitude, dentro do mes seguinte á data de concesión da axuda.*

**Artigo 13.- RESPONSABILIDADES.**

*Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, no caso de tela percibido xa, á devolución desta cos xuros legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puidesen esixir.*

**DISPOSICIÓN FINAL.**

*Estas bases entrarán en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 do mesmo texto legal.*

*As presentes bases e o seu anexo estarán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.*

*Ourol, quince de febreiro de dous mil vinte e un.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.*

**ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDA POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLA/O NO CONCELLO DE OUROL**

<b>DADOS DO PROXENITOR/A 1 / ADOPTANTE OU ACOLLEDOR</b>		
NIF/NIE		
PRIMEIRO APELIDO		
SEGUNDO APELIDO		
NOME		
DATA DE NACEMENTO		
ENDEREZO		
TELÉFONO		
<b>DADOS DO PROXENITOR/A 2 / ADOPTANTE OU ACOLLEDOR</b>		
NIF/NIE		
PRIMEIRO APELIDO		
SEGUNDO APELIDO		
NOME		
DATA DE NACEMENTO		
ENDEREZO		
TELÉFONO		
<b>DADOS DO FILLO OU FILLA NADO, ADOPTADO OU ACOLLIDO</b>		
	<b>FILLO /A 1</b>	<b>FILLO/A 2</b>
PRIMEIRO APELIDO		
SEGUNDO APELIDO		
NOME		
DATA DE NACEMENTO OU ADOPCIÓN		
<b>SITUACIÓN DOS PROXENITORES</b>		
<input type="checkbox"/> MATRIMONIO		
<input type="checkbox"/> SEPARACIÓN / DIVORCIO		
<input type="checkbox"/> UNIÓNS DE FEITO		
<input type="checkbox"/> MONOPARENTAL		

Solicitan que lles sexa concedida a axuda por nacemento ou adopción de fillo/a do Concello de Oourol, e para tal efecto achegan a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI das persoas ou persoa solicitante ou tarxeta de residencia en vigor, segundo os casos.
- Fotocopia do Libro de familia ou documento acreditativo do nacemento ou adopción
- Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio presentárase fotocopia do convenio e/ou sentenza xudicial que atribuíra a garda e custodia do menor que orixina a axuda.
- Certificado da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.

Ademáis, declaran baixo a súa responsabilidade:

1.- Que coñecen as bases da convocatoria e que se someten ás actuacións de comprobación e á achega de documentación acordada polo Concello.

2.- Que non están incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

3.- Que polo menos un dos proxenitores e mais o fillo/a que da lugar á concesión da axuda solicitada, se comprometen a permanecer empadroados no Concello de Oourol polo menos 1 ano posterior ó remate do cobro da axuda concedida, salvo que exista unha causa xustificada, que esixa que o neno/a e un proxenitor ou ambos estean empadroados noutro concello. Se non cumpren con esta determinación deberán devolver o importe da axuda percibida que lle será reclamada polo Concello segundo os trámites legais.

4.- Así mesmo, están obrigados a comunicar calquera cambio que se produza na situación da unidade familiar que poida ter relevancia ou que se tivesen en conta para a concesión da axuda. A ocultación destes cambios pode dar lugar ó reintegro da axuda.

Oourol, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura/s do/s solicitante/s

Sr.alcalde-presidente do Concello de Oourol

**PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR), informámoslle que os datos persoais, recollidos do propio interesado ou de fontes públicas, serán tratados baixo a responsabilidade do CONCELLO DE OUROL para o envío de comunicacións e xestión deste Concello, e conservaranse mentres exista un interese mutuo para elo. Os datos non serán comunicados a terceiros, salvo obriga legal. Informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ó seu tratamento dirixíndose ó **Concello de Oourol, Ctra. General, s/n, 27865 Oourol (Lugo) e-mail: [concellodeourol@concellodeourol.es](mailto:concellodeourol@concellodeourol.es)**. Si considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en [www.agpd.es](http://www.agpd.es)."

Ourol, dezanove de febreiro de dous mil vinte e un.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0472

---

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 22 de febreiro de 2021 o expediente de modificación de créditos 2/2021- expediente de suplemento de crédito- dentro do vixente Orzamento por importe de 9.456,30 € (Nove mil catrocentos cincuenta e seis euros con trinta céntimos).

Por medio do presente expónse ó público o expediente da modificación de créditos antedita, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presentalas reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 169, do RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e o art. 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

Ribeira de Piquín, 22 de febreiro de 2021.- Alcalde-presidente, Roberto Fernández Rico.

R. 0479

---

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 22 de febreiro de 2021 o expediente de modificación de créditos 3/2021- expediente de crédito extraordinario- dentro do vixente Orzamento por importe de 147.000,00 € (Cento corenta e sete mil euros).

Por medio do presente expónse ó público o expediente da modificación de créditos antedita, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presentalas reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 169, do RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e o art. 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

Ribeira de Piquín, 22 de febreiro de 2021.- Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 0480

---

## SAMOS

### *Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 18.02.2021 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e parroquias limítrofes, correspondente ao 1º trimestre de 2019, expónse ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. P., rematado éste sen presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmo realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA de Samos, noutro caso.

Fixase como periodo de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en periodo voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a



resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 18 de febreiro de 2021.- ALCALDE, Julio Gallego Moure.

R. 0473

## VILALBA

### Anuncio

Faise público que o Pleno do Concello, na súa sesión ordinaria celebrada o día 4/02/2021, acordou, *por maioría absoluta, cos votos a favor dos grupos socialista (8) e de Vilalba Aberta (2), e a abstención do grupo popular (6), designar como representantes do Concello nos seguintes Consellos Escolares, ó concelleiro e á concelleira da Corporación que se relacionan de seguido:*

**CEIP Manuel Mato Vizoso de Vilalba : don Ignacio Criado Montenegro.**

**CEIP Monseivane de Moreda (Lanzós): dona Antía Rama Rivas.**

Vilalba, 22 de febreiro do 2021.- A alcaldesa. M.<sup>a</sup> Elba Veleiro Fernández.

R. 0474

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

**EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES. EXPEDIENTE: V/27/10041 PETICIONARIO: Axencia Turismo de Galicia. VERTIDO DENOMINACIÓN: Albergue de peregrinos en O Cebreiro. LOCALIDAD: CEBREIRO (O). TÉRM. MUNICIPAL: Pedrafita Do Cebreiro. PROVINCIA: Lugo RÍO/CUENCA: ---/---**

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales de tipo proceso industrial de "Albergue de peregrinos en O Cebreiro" - "Axencia Turismo de Galicia", con un volumen máximo anual de 6.825 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos: Arqueta de desbaste con reja de gruesos, cesta extraíble y rastrillo. Separador de grasas de 1 m<sup>3</sup>. Decantador-digestor primerio tipo Imhoff con un diámetro interior de 2,5 m de, un volumen de decantación de 4,91 m<sup>3</sup> y un volumen de digestión de 9,4 m<sup>3</sup>. Lecho bacteriano de 4,9 m<sup>2</sup> y un volumen de 12m<sup>3</sup>. Punto de control de caudal y características del vertido. Pozo filtrante de 2,5 m de diámetro, con una superficie filtrante de 40,3 m<sup>2</sup> y un volumen de retención de 13 m<sup>3</sup>. Zanja drenante con dos conducciones paralelas.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Oviedo (Plaza de España nº 2 - C.P. 33071).

Oviedo, 17de febrero de 2021.- LA JEFA DE SERVICIO DE CONTROL DE CALIDAD Y VERTIDOS, Iria García González.

R. 0430

**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE: V/27/01357**

PETICIONARIO: José Antonio Arias Redondo

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en A Retorta

LOCALIDAD: A Retorta Vilalvite (San Pedro)

TÉR.M. MUNICIPAL: Friol

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Narla/Narla

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en A Retorta" - "José Antonio Arias Redondo", con un volumen máximo anual de 248,00 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Decantador-digestor con filtro biológico.
- Pozo drenante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 19 de febrero de 2021.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 0475

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE: V/27/01359**

PETICIONARIO: Modesto Renda Santiso

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Baltar

LOCALIDAD: Baltar Damil (San Salvador)

TÉR.M. MUNICIPAL: Begonte

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Veigas de Baltar o de Felmil/Támoga

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Baltar" - "Modesto Renda Santiso", con un volumen máximo anual de 372,00 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanjas filtrantes

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 19 de febrero de 2021.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 0476

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE: V/27/01364**

PETICIONARIO: María Josefa Leopoldina Río Rodríguez

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Racamonde

LOCALIDAD: Racamonde nº 11

TÉR. MUNICIPAL: Vilalba

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Ladra/Ladra

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Racamonde" - "María Josefa Leopoldina Río Rodríguez", con un volumen máximo anual de 744,000 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separadora de grasas.
- Fosa séptica.
- Arqueta de toma de muestras.
- Pozos filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 19 de febrero de 2021.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca

R. 0477

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE: V/27/01373**

PETICIONARIO: Paola Alexandra Díaz Millares

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Maxide

LOCALIDAD: Maxide Montecubeiro (San Cibrao)

TÉR.M. MUNICIPAL: Castroverde

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Azúmara/Azúmara

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Maxide" - "Paola Alexandra Díaz Millares", con un volumen máximo anual de 620,00 m<sup>3</sup>.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica.
- Arqueta de toma de muestras.
- Pozo filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 19 de febrero de 2021.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca

R. 0478